

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Valdoviño, 4 de marzo de 2021. Hora: 20:18

Lugar: Edificio Casa da Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpa a inasistencia o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro (videoconferencia) e do interventor Manuel Larrosa Rodríguez.

Celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvaguardar as medidas de seguridade en canto a distancia establecidas.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 01.02.21 (EXTRAORDINARIA E URXENTE) E 04.02.21 (ORDINARIA).-

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, os borradores das actas mencionadas quedaron aprobados.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E REDE DE SUMIDOIRO.

/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.03.21/

“1º.- Aprobar provisionalmente o Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e a rede de sumidoiros.

2º.- De conformidade e co artigo 49.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de trinta días a efectos de reclamacións, alegacións ou suxestións.

3º.- De non presentarse reclamacións no dito prazo, a acordo provisionalmente adoptado elevarase automaticamente a definitivo (artigo 49.c) da Lei 7/1985 de 2 de abril).

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes acordou aprobar a proposta anteriormente reproducida.

3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.03.21/

Vista a tramitación da modificación da Relación de Postos de Trabajo que figura incorporada ao expediente, aberto o turno de intervencións o sr. alcalde explicou na comisión informativa que dita modificación ven motivada dado que a persoa que ven desempeñando a tesoureiría faíno eficazmente e co reaxuste das retribucións á praza de tesoureiría como posto reservado a funcionarios de Habilitación con carácter Nacional crease unha praza de administrativo á vez que unha praza de técnico de xestión cultural e o cambio de posto de técnico de deportes para reservalo a funcionario.

Sometido a votación, o ditame da comisión informativa para adoptar o acordo:

1º.- Aprobar con carácter inicial a modificación da Relación de Postos de Trabajo (RPT), que figura incorporada ao expediente.

2º.- De acordo co artigo 202 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, someter o expediente a información pública polo prazo de 20 días a efectos de reclamacións ou alegacións, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- De non presentarse reclamacións ou alegacións, o presente acordo elevarase automaticamente a definitivo.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou aprobar a modificación puntual da Relación de Postos de Trabajo (informe xaneiro 2021): creación dous postos traballo, modificación funcións posto de tesoureiro

e técnico xestión cultural e cambio do posto técnico de deportes para reservalo a funcionario.

4º.- PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL PARA INICIAR OS TRÁMITES PARA IRMANDARSE COA POBOACIÓN DE NIGRÁN.-

/Proposta ditaminada favorable en comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.03.21/

“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL PARA INICIAR OS TRÁMITES PARA IRMANDARSE COA POBOACIÓN DE NIGRÁN.

“A práctica de irmandarse en Europa xurdiu despois da Segunda Guerra Mundial. O enfrontamento entre países europeos provocou a aparición desta iniciativa única, especialmente entre Francia e Alemania, dando lugar a numerosos irmandamentos entre os municipios dos dous países.

Jean Bareth, un dos fundadores do Concello de Municipios e Rexións de Europa, define o irmandamento como a reunión de dous municipios que deciden facer pública a súa unión para actuar dentro dunha perspectiva europea, contrastar os seus problemas e desenvolver lazos de cada vez máis estreita amizade.

O irmandamento xorde do desexo dos concellos de abrirse ao mundo exterior, ofrecendo un marco privilexiado para manter contactos con cidades doutros países e sen ser o único medio de intercambio e cooperación internacional, permite combinar os lazos de amizade con calquera outra forma de intercambio: coñecemento mutuo entre os habitantes de cidades irmandadas, solidaridade, busca de solucións comúns, intercambio de experiencias, relacións económicas ou comerciais, por citar algunhas delas.

Unha das características definidoras do irmandamento é que non so os concellos teñen un papel decisivo, como a necesaria aprobación no Pleno dun irmandamento, senón tamén a contribución dos cidadáns, cuxa contribución é vital para que un irmandamento alcance os seus obxectivos.

É un compromiso dos cargos electos porque se formaliza a través do Convenio corporativo, pero tamén debe comprometer aos cidadáns, tanto directamente como a través das asociacións e centros educativos existentes no municipio. Esta concepción implica que a elección da estrutura que se encargará do irmandamento, é dicir, o Comité de irmandamento, é unha parte destacada do proceso de irmandamento.

En definitiva, un irmandamento ben construído pode ser unha verdadeira fonte de cohesión e enriquecemento para un municipio. Pode:

- Descubrir novas culturas aos habitantes.
- Instruír aos cidadáns sobre Europa.
- Animar aos veciños a reflexionar e confrontar ideas sobre os grandes retos do noso tempo.
- Favorecer o desenvolvemento do seu territorio.

Un irmandamento non se improvisa, debe prepararse con coidado. É unha das claves para acadar un bo resultado!

Un compañeiro axeitado

Cando se empeza a buscar un concello colaborador, hai que estar seguro de que hai puntos en común, cousas para compartir: un patrimonio cultural, unha situación xeográfica próxima (cidade costeira, cidade de montaña, etc), máis ou menos a mesma poboación , actividades económicas semellante, etc. Para construír proxectos interesantes onde as poboacións se sintan implicadas é necesario un mínimo de intereses comúns.

Definir obxectivos comúns

Para manter vivo o irmandamento, as cidades colaboradoras deben definir xuntas os obxectivos do proxecto. Sexan eventos deportivos, colaboracións técnicas, redes telemáticas, etc., as relacións serán máis dinámicas se os concellos irmandados se fixan obxectivos, e se é posible con prazos específicos. Para que dure a colaboración, o ideal é incluso organizar varios proxectos a longo prazo.

Unha estrutura de apoio ao proxecto

Co paso do tempo, ás veces, o entusiasmo dos colaboradores esgótase. Debe haber un equipo pequeno, pero activo nas dúas cidades irmandadas que manteñen o contacto, fomenten a colaboración con novos proxectos, busquen financiamento...Este “motor” de irmandamento pode adoptar a forma dun comité de irmandamento, é dicir, unha estrutura asociativa que traballe en contacto co Concello e co conxunto de asociacións locais.

Implicar á poboación

Aínda que os cargos electos representan a vontade política do irmandamento, deberían arrastrar ao conxunto de todos os cidadáns. Por este motivo, o irmandamento debe basearse nas diferentes estruturas do Concello e no total das entidades locais. Escolas, asociacións deportivas, escolas de música, clubs de xogos, residencias de anciáns, etc., tamén deberían estar implicados. En paralelo, o irmandamento debe ser claramente visible, para que todos os cidadáns se sentan implicados. Trátase, por exemplo, de difundilo a través de carteis á entrada da cidade, no boletín municipal e na páxina web, ou incluso durante a celebración de actos públicos.

Traballar con escolas

Hai moitas formas de involucrar ás escolas do municipio nas actividades dun irmandamento. Os intercambios entre estudantes adoitan ser un dos puntos fortes do irmandamento, e permiten a participación dun nutrido grupo de cidadáns, porque tamén implica a pais e nais, persoal escolar, asociacións de estudantes, etc. Pero hai outras formas posibles, como as sinerxías entre irmandamento e Twinning, a principal acción do programa eLearning promovido pola Unión Europea e Twinning fomenta a cooperación pedagóxica en Europa empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación. O seu obxectivo é ofrecer ferramentas e servizos que facilitan a implantación de colaboracións a curto ou longo prazo e en calquera ámbito.

O concello de Valdoviño planea irmandarse co concello de Nigrán, para promover a súa cultura surfeira común, un irmandamento que promova e fomente a cultura surfista que ambos municipios comparten dende a orixe deste deporte en Galicia nos anos 70, atraídos polo aspecto natural e salvaxe destes areas.

Valdoviño conta co Océano Surf Museo, único de España dedicado a este deporte e que recolle documentalmente aos surfistas pioneiros en Galicia, que comezaron na praia de Patos en Nigrán, e no Concello de Valdoviño no marco da comarca de Ferrolterra.

IRMANDAMENTO

Nigrán e Valdoviño son os municipios pioneiros da práctica do surf en Galicia e ademais a cultura do deporte sobre as ondas está cada vez máis arraigada e supón, xa non só unha práctica deportiva, senón un xeito de vida ecolóxico, san e sostible.

O surf ademais supón para Valdoviño un importante revulsivo económico, os seus 25 kilómetros de costa que acollen 17 praias das que nunha boa parte delas se pode facer surf nalgún momento do ano, facilitan o desenvolvemento económico na onda da nova cultura surf.

Praias coma Campelo, Frouxeira e Pantín acollen os primeiros surfistas, que anos máis tarde có deporte asentándose toman a decisión de celebrar o Pantín Classic, hoxe a proba de surf máis lonxeva de Europa, e o primeiro evento deportivo catalogado coma Festa de Interese Turístico de Galicia.

De aí, escolas, Campionatos Galegos e ata a celebración de Campionatos de España marcan un camiño para facer do surf un deporte arraigado no noso Concello, onde se inaugura o Océano Surf Museo, o primeiro centro dedicado a cultura surf España.

O Océano Surf Museo de Valdoviño, recolle documentalmente (mediante fotos e vídeos cedidos) aos surfistas pioneiros en Galicia, que comezaron a súa andaina na praia de Patos a mediados dos anos 60, e foron estendéndose ás nosas praias.

Pero se algún nome está vinculado ao inicio do surf en Galicia é a familia Irisarri. Sete dos 14 irmáns desta familia viguesa iniciáronse no surf en 1975 na praia de Patos, onde ata entón estaban só Nicolás Pita, Ángeles Vega e os irmáns Montenegro. Os Irisarri eran todos uns apaixonados deportistas e ata entón practicaban pesca submarina, camiño polo que se interesaron despois polo surf e a súa cultura e valores asociados. Entre eles, tal e como relata Jesús Busto, presidente do Océano Surf, destaca Vicente “su figura es transcendental en la historia del surf gallego, además de por haber sido el impulsor principal del Pantin Classic, es porque a principios de los 80 se constituyó como el nexo de unión entre las tres áreas principales del surf gallego: Vigo, La Coruña y Ferrol”. Aos 26 anos, por cuestións laborais debidas á súa formación como enxeñeiro naval, Vicente mudouse a Ferrol, onde coincide con Caros Bremón, surfista tamén pioneiro no norte galego. “Su carácter abierto y dialogante no sólo ayudó a disminuir la rivalidad entre las tres zonas costeras, sino que ha permitido que a lo largo de los años se hayan tendido robustos lazos de unión entre las distintas comunidades de surfistas gallegos”, relata Busto.

Igualmente, vinculados coa escola de náutica da Coruña e con vínculos nos equipos de salvamento da Frouxeira coa Cruz Vermella do Mar, xente coma Máximo Bueno comezan a surfear nas praias de Valdoviño.

Froito desta actividade é o nacemento na nosa comarca de espazos de encontro; comerciais, sociais, culturais, que van impregnando en Valdoviño o carácter e o espírito do surf.

Os lazos entre ambos municipios son evidentes dende o punto de vista cultural e humano, agora só se rata de formalizalos e impulsalos a través das institucións nun irmandamento.

Os dous concellos desexamos fomentar a cultura surfista común e promover os valores que conleva. Sería o primeiro irmandamento para Valdoviño e unha fórmula excelente para manter ese vínculo que nos une dende os anos 70, e coma primeiro paso para facer da costa, do mar, un espazo común con outros puntos tanto do noso país coma do estranxeiro.

Por todo elo o Goberno de Valdoviño propón á Corporación de Valdoviño iniciar os trámites para acadar o irmandamento entre os municipios de Nigrán e Valdoviño da a súa estreita vinculación co mundo do surf.”

A proposta de Alcaldía transcrita, aprobouse polo Concello-Pleno de Valdoviño, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes.

5.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DE OPERACIÓN DE CRÉDITO

Vista a providencia de Alcaldía do seguinte tenor literal, que o Sr. Alcalde eleva a proposta:

“Vista a necesidade de obter recursos financeiros, para atender unha serie de investimentos necesarios, proponse a formalización dunha Operación de crédito a longo prazo coas seguintes características:

- Tipo de operación: Financiamento a longo prazo
- Finalidade: Inwestimentos
- Importe da operación: 1.200.000,00 €
- Prazo da operación: 180 meses.
- Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral.
- Tipo de interese: Variable

Dada a previsión recollida na Disposición Final Trixésimo Primeira Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013.

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que se inicien os trámites oportunos para concertar una operación de préstamo por importe de 1.200.000,00 € e cun prazo de 96 meses.

SEGUNDO. Que se emita informe pola Secretaría en relación co procedemento a seguir e a lexislación aplicable ao mesmo.

TERCEIRO. Que polo interventor se informe sobre a operación de crédito que ten previsto acordar devandito Concello, aplicando o principio de prudencia financeira.

CUARTO. Que polo Interventor se emita informe no que se analizarán os seguintes termos:

- A capacidade de Entidade Local para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que daquelas se deriven para a mesma conforme ao artigo 52.2 do Texto Refundido de Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- Se o préstamo está ou non contemplado no orzamento
- A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do Orzamento.
- Precisar a carga financeira anual máxima do Concello.

- En Valdoviño a 15 de febreiro de 2021.
- O Alcalde”,

Visto o informe da secretaria de data 24.02.21 e os informes do interventor de datas ámbolos dous de 24.02.21;

Visto o ditame favorable da comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa de data 4.03.21, na que o sr. Alcalde explicou que a finalidade da operación de préstamo é levar a cabo actuacións de inversión que non admiten demora como é a finalización do centro sociocultural, inversión para as cales conta recibir subvencións para complementar a aportación municipal. Trátase de ter unha liña de crédito dispoñible co cal elo non significa que se teña que utilizar toda a operación.

Sometida a votación, o Pleno acordou aprobar a proposta de formalización de operación de crédito, en votación ordinaria e por maioría (A favor PSdeG-PSOE e CENVAL e abstención do PP).

FÓRA DA ORDE DO DIA

Ante a vindeira data do día internacional da muller, presentase para aprobación polo Pleno unha declaración institucional. Por unanimidade dos asistentes aprobase a urxenza e polo tanto a súa inclusión Fóra da Orde do Día.

.- TEXTO INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

“En 1975, a Organización das Nacións Unidas convidou aos seus países membros a declarar o 8 de marzo como Día Internacional da Muller para ter presente que a loita polos dereitos humanos é tamén a loita pola igualdade entre mulleres e homes”. (Declaración institucional do Congreso. 2009).

Como cada 8 de marzo hoxe toca facer balance da situación actual, revisando os obxectivos propostos e sendo conscientes de se o traballo feito acada os seus resultados.

No Concello de Valdoviño seguimos a traballar, desde o ámbito político, institucional e técnico, engadindo como obxectivo prioritario e transversal a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminación de violencias ou tratos discriminatorios por unha cuestión de xénero.

O programa municipal “Somos e Contamos” acolle a programación de contidos e obxectivos recollidos na *Estratexia de Prevención de Violencias Machistas e Fomento da Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Valdoviño*, documento técnico político que guía os obxectivos establecidos a desenvolver. Así, os programas de conciliación da vida familiar e laboral, as actuacións específicas sobre o crecemento físico, social e emocional das mulleres, a formación sobre linguaxe inclusiva para persoal da administración local, as actividades con nenos e nenas para o seu empoderamento persoal ou as actuacións de sensibilización para atender ás violencias múltiples por razón de xénero, son algúns dos exemplos do traballo realizado.

Nos seguintes meses debemos marcar novos obxectivos, crear novas estratexias de participación comunitaria e implicación da veciñanza, contribuír a través das actuacións públicas a construír un pensamento crítico e transformador que faga do noso Concello un lugar respectuoso e aberto. Para isto é necesario coñecer, identificar e comprometerse.

Coñecer a historia silenciada das mulleres e os mecanismos influentes no establecemento das relacións desigualitarias; *identificar* cales son os nosos comportamentos e as mensaxes que lanzamos ao mundo. E *comprometerse*. Comprometámonos coas nenas e nenos, co seu futuro e a sociedade na que se van desenvolver como persoas, e digámoslles o que queremos: Querémonos libres e iguais.

Cada 8 de marzo, Valdoviño segue na loita polos dereitos das mulleres.

O Pleno da Corporación deu a aprobación por unanimidade dos asistentes á anterior declaración institucional.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

6.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021.-

Dáse conta do decreto de Alcaldía de Asunto: Aprobación OEP 2021 do seguinte contido:

“Visto que por acordo plenario de 24 de novembro de 2020 foi aprobado inicialmente o presuposto para o exercizo 2021, e que tras o prazo legalmente establecido para a súa exposición a efectos de reclamacións ou alegacións, non se interpuxo ningunha, elevouse o acordo automaticamente a definitivo, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 3 do 7 de xaneiro de 2021, resumido por capítulos e xunto coanexode persoal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

-Os artigos 10,37,5969 e 70 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

-A Lei Organica 3/2007, do 22 de marzo, de Igualdade Efectiva entre Homes e Mulleres.

-O artigo 18.6 da Lei 30/1984 do 2 de agosto, de Medidas Reforma da Función Pública.

-Os artigos 91 e 21.1.g) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, do 2 de abril.

-Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Esta Alcaldía en virtude da competencia atribuída polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público para o ano 2021 (OEP 2021) do Concello de Valdoviño nos termos que a continuación se establecen e de conformidade co disposto nos artigos 91 da Lei 7/85 RBRL e 70 do RD Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con suxeición ao previsto no plantel de persoal do orzamento do ano 2021.

PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA:

GRUPO E SUBGRUPO	N.º PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN	SISTEMA DE PROVISIÓN	SISTEMA DE SELECCIÓN
C1	1	Técnico de deportes	Bacharelato Técnico	Libre	Concurso-Oposición

PERSOAL LABORAL:

Persoal laboral fixo

GRUPO E SUBGRUPO	N.º PRAZAS	DENOMINACIÓN	TITULACIÓN	SISTEMA DE PROVISIÓN	SISTEMA DE SELECCIÓN
A2	1	Educadora social	Diplomatura (educación social)	Libre	Concurso-Oposición

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Administración Xeral do estado e publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Boletín Oficial do Estado e na páxina web municipal”.

O Pleno dáse por enterado.

7.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2021.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de xaneiro de 2021, que comprenden do número 1 ao 68 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións de Alcaldía.

Toma a palabra o Sr. Bouzamayor Casas e pregunta sobre un anticipo a funcionario, ao que resposta o sr. alcalde que os anticipos son un dereito regulado na Lei e desenrolado no convenio específico do Concello de Valdoviño.

O Sr. Bouzamayor en relación ao proceso selectivo PEL REACTIVA CONCELLOS 2021, segundo manifestacións que lle trasladaron veciños tratase de máis do mesmo; ao que resposta o sr. alcalde que houbo unhas probas obxectivas cun serie de preguntas citando entre elas as operacións básicas de mantemento de desbrozadora, cómo se desbroza nunha pendente dun 10%, cantidade de formigón nunha piscina circular cunhas medidas determinadas e coñecemento do termo municipal.

Seguidamente o Sr. Bouzamayor pregunta por unha permuta realizada; ao que resposta o sr. alcalde que tratase dunha permuta realizada entre dous policía locais.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, comeza a Sra. Veiga Doce preguntando se na granxa avanzouse algo; respostando o alcalde que foise avanzando.

A continuación o Sr. Bouzamayor manifiesta que quedou moi ben a actuación no río A Robaleira e considera que sería bo rematar a cuneta que é unha demanda dos veciños. Resposta o Sr. alcalde que o mirará o aparelador municipal.

De novo o Sr. Bouzamayor sinala que vaise acercar a época dos desbroces e pregunta se o equipo de goberno sopesou unha empresa privada para facer os desbroces; ao que resposta o Sr. Vega Fernández que economicamente é inasumible.

Pregunta o Sr. Bouzamayor como está o asunto do mercado; ao que resposta o alcalde que está falando coa asociación.

Toma a palabra o Sr. Bouzamayor e pregunta se sería útil un dron para o paseo marítimo; ao que resposta o sr. alcalde que non é unha competencia municipal e a maiores estaría o problema das autorizacións sectoriais.

Toma a palabra a Sra. Testa Ameneiros que pregunta se foi alugado un local; ao que resposta o Sr. alcalde que coa finalidade de ter o arquivo na localidade buscou un local idóneo e adecuado atopándose un por 400€/mes.

A Sra. Testa pregunta cómo vai o procedemento de licitación do lixo, pois coa actual empresa pasou de que chama varias veces para a recollida de enseres e non lle collen o teléfono; resposta o Sr. alcalde que presentaron un estudo que andaría sobre os 30.000€/mes e en relación á atención telefónica pedíamos por escrito a relación de chamadas á empresa, matizando que non se pode votar tablóns no contenedor nen arrimalos, soamente unha vez cando lle corresponde.

Finalmente intervén a Sra. Testa preguntando se van abrir os parques o fin de semana; ao que resposta o alcalde que de momento está en estudio.

Sendo as vinte e unha horas e oito minutos, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde